



## INFORMACIÓN EDUMOB 24/25

Resolución do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros e alumnado matriculado en centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa EduMob de intercambio individual de alumnado en réxime de reciprocidade con alumnado matriculado en centros pertencentes á Région Académique de Grand Est (Francia) durante o curso 2024/2025.

### QUÉ É EDUMOB?

- Programa de intercambio en réxime de reciprocidade.
- Aloxamento en familias.
- Profesorado acompaña ata destino / recolle ao final da estada

### REQUISITOS DO ALUMNADO PARTICIPANTE.

1. **1º de Bacharelato** no ano académico **2024/2025**.
2. **Cursar Francés 1º de Bacharelato**.
3. **Nota media mínima de 7** no expediente da **ESO**.
4. **Nota mínima de 7 na materia de Francés en 4º de ESO**.
5. **Ter cursado Francés lingua estranxeira alomenos durante catro cursos** ao longo da súa escolaridade, estar en posesión dunha **certificación B1 en lingua francesa e/ou** contar coa **aprobación do departamento de Francés** do seu centro conforme conta cunha competencia lingüística en lingua francesa que lle permitirá un correcto seguimento das aulas en Francia.
6. Poseer e presentar a seguinte documentación: **DNI, tarxeta sanitaria de cobertura europea, autorización familiar (anexo I), informes favorables (anexo I), acordos e compromisos (anexo III)**.

### DOTACIÓN ECONÓMICA.

- **300 € por cada alumna/o participante**
- **1000 € para o total do profesorado acompañante.**

### DATAS DAS ESTADÍAS:

- Estadía en Francia: 16/09/2024 ao 11/10/2024
- Acollida en Galicia : 28/10/2024 ao 22/11/2024

### SOLICITUDES DO ALUMNADO

**Prazo: 4 de maio de 2024**

#### Documentación:

- a) Anexo I. Solicitude de participación
- b) Anexo II. Baremo e documentación dos méritos alegados que non consten na secretaría do centro.
- c) Anexo III. Declaración de datos de saúde
- d) Anexo IV. Condicións de participación e obrigas

### Procedemento de valoración das solicitudes do alumnado.

1. Cada centro valorará as solicitudes recibidas mediante unha **comisión**:
  - a) **membro do equipo directivo**, que exercerá a presidencia.
  - b) xefatura do Departamento de Francés, ou membro do Departamento en quen delegue, que realizará as funcións de secretaría.
  - c) presidencia da xunta de alumnado delegado, ou membro da xunta en quen delegue.
  - d) representante das familias no Consello Escolar.
  - e) membro do claustro que non imparta clase en 4º ESO no presente curso.

## 2. Criterios de selección do alumnado:

1. Nota media de ESO. a) Nota media entre 9 e 10: 1 punto b) Nota media entre 8 e 8,99: 0,5 puntos
2. Nota media na materia de francés ao longo da súa escolaridade, primeira ou segunda lingua estranxeira. a) Nota media entre 9 e 10: 1 punto b) Nota media entre 8 e 8,99: 0,5 puntos
3. Por participación en seccións bilingües ao longo da súa escolaridade. Por cada sección bilingüe na que participara ou estea a participar, ata un máximo de 1 punto : 0,25 puntos.
4. Pola participación no programa CUALE ao longo da súa escolaridade. Por cada modalidade, ata un máximo de 1 punto: 0,25 puntos.
5. Por colaboración e implicación en actividades do centro ao longo da súa escolaridade (Erasmus, representantes do Consello Escolar, alumnado delegado, actividades de dinamización de centro de carácter voluntario como concursos, torneos, club de lectura, club de ciencias, equipo de mediación, radio escolar, etc.), ata un máximo de 1 punto. Cada centro, en función das súas características, establecerá para este punto un baremo propio, que deberá facer público no momento da difusión do programa.
6. Por solvencia académica, valorada pola comisión de selección segundo a solicitude presentada, ata un máximo de 1 punto.
7. Por pertencer a unha familia numerosa: a) de categoría especial: 1 punto. b) de categoría xeral: 0,5 puntos.
8. No caso de familia monoparental: 1 punto.
9. Por discapacidade igual ou superior ao 33% dos membros computables da unidade familiar, a puntuación indicada a seguir co máximo de catro puntos: a) Alumna/o: 1 punto. b) Calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras, ou o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade á persoa proxenitora: 0,5 puntos. c) Calquera das irmás ou dos irmáns: 0,5 puntos por cada un.
10. Por condición de vítima de violencia de xénero de calquera dos membros computables da unidade familiar: 1 punto.
11. Por condición de vítima de terrorismo de calquera dos membros computables da unidade familiar: 1 punto.

### COMPROMISOS DOS CENTROS EDUCATIVOS.

**Designarase de entre o claustro a persoa referente** para o alumnado francés, que actuará igualmente como interlocutora co centro de destino en representación do centro de orixe.

A persoa que acompañe/recolle nas viaxes poderá ser a referente.

**Certificación de participación do profesorado:** o profesorado referente do programa recibirá un certificado de innovación educativa cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado.

**Solicitudes dos centros e prazo de presentación: ata o 9 de maio.**

1. Anexo V. Solicitude do centro e candidaturas do alumnado.
2. Anexos I e III para cada candidatura presentada.